

da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario do servizo da saúde, para que o conteste no prazo de 10 días contados a partir da publicación desta cédula, segundo o disposto no artigo 23 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento de réxime disciplinario da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Coruña, 6 de marzo de 2009.

P.A.
Fernando Dónega Sáñez
Instrutor

TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

Anuncio de contratación de estudos en materia de competencia.

Na páxina <http://www.tgdcompetencia.org> pódense consultar as bases para a adxudicación de cada un dos seguintes contratos menores de servizos, relativos a estudos en materia de competencia:

1. Estudo sobre o sector dos seguros de decesos en Galicia desde o punto de vista da competencia.
2. Estudo sobre o sector dos seguros de asistencia sanitaria en Galicia desde o punto de vista da competencia.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2009.

José Antonio Varela González
Presidente do Tribunal Galego de Defensa
da Competencia

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ARTEIXO

Anuncio.

No BOP da Coruña nº 45, do 25 de febreiro de 2009, aparecen publicadas integramente a convocatorias e as bases reguladoras do proceso de selección, por concurso-oposición, para a cobertura en propiedade dunha praza vacante do posto de monitor de Ciberaula, grupo C1, persoal laboral fixo, adscrito ao departamento de Informática, correspondente á oferta de emprego público de 2006, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo o 3 de decembro de 2008.

As instancias en que se solicita participar no correspondente proceso selectivo presentaranse na

forma prevista nas mencionadas bases, no rexistro xeral do concello, dirixidas á alcaldesa-presidenta da corporación, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOE.

Os sucesivos anuncios relacionados con esta praza publicaríanse no BOP da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo (A Coruña), e, sempre que sexa posible, con carácter non perceptivo e complementario na web municipal.

Arteixo, 3 de marzo de 2009.

Pilar Souto Iglesias
Alcaldesa-presidenta

Anuncio.

No BOP da Coruña nº 55, do 9 de marzo de 2009, aparecen publicadas integramente a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo, proceso de integración dos auxiliares de policía local e interinos no corpo da policía local, polo procedemento de concurso-oposición, para a cobertura en propiedade de cinco prazas de policía local (funcionarios de carreira), correspondente á oferta de emprego público de 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo o 11 de febreiro de 2009.

As instancias en que se solicita participar no proceso selectivo presentaranse no rexistro xeral do concello (ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro), no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOE, e dirixidas á alcaldesa-presidenta do Concello de Arteixo.

Os sucesivos anuncios relacionados con esta praza publicaríanse no BOP da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo (A Coruña), e, sempre que sexa posible, con carácter non perceptivo e complementario na web municipal.

Arteixo, 9 de marzo de 2009.

Pilar Souto Iglesias
Alcaldesa-presidenta

CONCELLO DE CESURAS

Anuncio de suspensión de licenzas urbanísticas.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do 6 de marzo de 2009 e co obxecto de proceder á redacción dun estudo de detalle, acordou suspender